

# A tarxeta sanitaria europea ten validez nos seguintes países

## ★ Estados membros da Unión Europea/ Espazo Económico Europeo

Alemania - Austria  
Bélgica - Bulgaria  
Chipre - Croacia  
Dinamarca - Eslovaquia  
Eslovenia - Estonia  
Finlandia - Francia  
Grecia - Hungría  
Irlanda - Italia  
Letonia - Lituania  
Luxemburgo - Malta  
Países Bajos - Polonia  
Portugal - Reino Unido  
República Checa - Rumanía  
Suecia


## ★ Espazo Económico Europeo

Liechtenstein, Islandia e Noruega

## ★ Suíza

Cando se trate de nacionais de terceiros  
países non pertencentes ao Espazo  
Económico Europeo nin a Suíza, a TSE  
non terá validez nos seguintes países:

✓ **Dinamarca, Islandia, Liechtenstein,  
Noruega e Suíza.**



Instituto Social da Mariña


[www.seg-social.es](http://www.seg-social.es)

<https://sede.seg-social.gob.es/>

# ASISTENCIA SANITARIA en desprazamentos por Europa

## TRABALLADORES DO MAR

@dministración  
electrónica



Dep. Legal M-25539-2014

NIPO web: 273-14-016-1

Nipo papel: 273-14-012-X

20140910 (gall)



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE EMPLEO  
Y SEGURIDAD SOCIAL

SECRETARÍA DE ESTADO  
DE LA SEGURIDAD SOCIAL  
INSTITUTO SOCIAL  
DE LA MARINA

SECRETARÍA DE ESTADO  
DE LA SEGURIDAD SOCIAL  
INSTITUTO SOCIAL  
DE LA MARINA

# Utilización da tarxeta sanitaria europea

## Tarxeta sanitaria europea (TSE)

A tarxeta sanitaria europea (TSE) é o documento que acredita o dereito a recibir as prestacións sanitarias que resulten necesarias, desde o punto de vista médico, durante unha estancia temporal no territorio do Espazo Económico Europeo(1) ou Suíza, tendo en conta a natureza das prestacións e a duración da estancia prevista, de acordo coa lexislación do país de estancia, independentemente de que o obxecto da estancia sexa o turismo, unha actividade profesional ou os estudos.

**A tarxeta sanitaria europea (TSE) non é válida cando o desprazamento teña a finalidade de recibir tratamento médico, caso no que cómpre que o Instituto Social da Mariña (ISM) emita o formulario correspondente, logo do informe favorable do servizo de saúde. Tampouco é o documento válido se vostede traslada a súa residencia ao territorio doutro Estado.**

Esta tarxeta é persoal e intransferible, polo que, naqueles desprazamentos realizados polo titular do dereito canda a familia, hase expedir unha tarxeta por cada un dos membros da unidade familiar.

A utilización da TSE durante o seu período de validez está condicionada a que o seu titular continúe cumprindo os requisitos que deron lugar á súa obtención. No caso contrario, hase reclamar o reintegro dos gastos ocasionados polo uso indebido da TSE.

Se vostede xa dispón da TSE, é importante que, antes de realizar calquera desprazamento a calquera país do Espazo Económico Europeo(1) ou a Suíza, comprobe que o seu período de validez abrangue ata a data prevista de regreso. Se non é así, solicite unha nova tarxeta.

(1) No reverso do folleto indícanse os países do Espazo Económico Europeo.

## Como se obtén a TSE?

Pode obter ou renovar a TSE **por INTERNET**, a través da **Sede Electrónica**, na páxina web da Seguridade Social, e **non é necesario dispor de certificado dixital para acceder a este servizo. Así mesmo, se dispón de usuario e contrasinal, pode obtela** a través do correspondente servizo existente no portal web “**TU SEGURIDAD SOCIAL**”.

Calquera que sexa a forma de solicitude da TSE, esta hase enviar ao domicilio do solicitante nun prazo non superior a dez días.

Actualmente a TSE emítese con carácter xeral por dous anos, tanto para titulares coma para os seus beneficiarios.

Cando o desprazamento sexa inminente e non dea tempo a que reciba a TSE no seu domicilio, pode solicitar por Internet **un certificado provisional substitutivo (CPS) se dispón de certificado dixital ou usuario e contrasinal(\*)**.

Nalgunhas situacións as persoas aseguradas **non poden obter a tarxeta sanitaria europea (TSE) a través de Internet**, como son os casos de:

- Os perceptores de prestacións por desemprego e os seus beneficiarios.
- Os asegurados con contrato de carácter temporal.
- Os asegurados que teñen recoñecido o dereito a asistencia sanitaria como persoas por límite de ingresos, ou os que esgotaron as prestacións por desemprego.
- Os beneficiarios con NIE e todos aqueles asegurados que deban presentar documentación para exportar o dereito a asistencia sanitaria.

## Coñecementos importantes para actuar no seu lugar de destino

Debe acudir aos servizos públicos ou concertados do sistema de saúde do país ao que se despraza temporalmente.

Será tratado en igualdade de condicións que os asegurados propios dese país, polo que en moitos casos debe asumir unha cantidade fixa ou unha porcentaxe dos gastos derivados da asistencia sanitaria. Estes importes non se reintegran.

Nos países nos que se deba aboar inicialmente o importe total dos gastos médicos, o asegurado debe dirixirse á institución do seguro de enfermidade correspondente no país de estancia para solicitar o reintegro das cantidades que proceda reembolsar, de acordo coa lexislación interna vixente nese país.

Nos casos nos que non puidese solicitar o reintegro de gastos no país de estancia ou que non presentase a TSE ou o certificado provisional substitutivo (CPS), vai ter a posibilidade de solicitar o reintegro cando regrese a España, achegando todos os xustificantes orixinais do aboamento dos gastos, na dirección provincial do Instituto Social da Mariña que lle corresponda.

A institución do lugar de estancia valorará, conforme a súa propia normativa, a cantidade para reintegrar, se procede.

**(\*) En todo caso, tanto a TSE coma o certificado provisional substitutivo pode solicitarse presencialmente en calquera das direccións provinciais ou locais deste Instituto Social da Mariña.**